A verdade é que acaba de producirse aquí un debate que retrata perfectamente cal é a situación política nesta cidade. Teñen tres posibilidades de presentar mociones en cada Pleno ordinario. O Partido Popular, supostamente alternativa de goberno ao goberno que preside a nosa alcaldesa Inés Rey, unha das tres preocupacións que ten está no sector cárnico español e nos supostos ataques á gandería coas declaracíons do ministro de Consumo. O ministro de Consumo actúa como tertuliano e vostedes actúan como un grupo parlamentario que queren transformar, unha vez máis, un Pleno da corporación en substituír, pois, as súas lícitas expectativas de estar noutro ámbito, nas Cámaras Lexislativas, imaxino.

Eu creo que esta moción simplifica perfectamente o interese que ten o Partido Popular polos problemas da cidade da Coruña. Entre a estabulación e o pastoreo eu creo que se ve con claridade que no plano político o PP aposta pola estabulación intelectual que desde a corte de Génova, corte que non

Muchas gracias, señora alcaldesa.

La verdad, creo que el día de hoy es para recordar un poco el estado de situación en el que se encuentra el debate en el Pleno de esta corporación. Señor Rodríguez, no dudo que usted pudiese hacer un gran papel como diputado, como parlamentario. No le voy a recomendar porque seguramente no le haga ningún favor. Evidentemente tiene cualidades sobradas para eso y para muchas más cosas, pero, bueno, yo, después de ver a la señora Gallego firmando esta moción pensé que ella misma la defendería y que no se la endilgaría a ningún compañero.

La verdad es que acaba de producirse aquí un debate que retrata perfectamente cuál es la situación política en esta ciudad. Tienen tres posibilidades de presentar mociones en cada Pleno ordinario. El Partido Popular, supuestamente alternativa de gobierno al gobierno que preside nuestra alcaldesa Inés Rey, una de las tres preocupaciones que tiene está en el sector cárnico español y en los supuestos ataques a la ganadería con las declaraciones del ministro de Consumo. El ministro de Consumo actúa como tertuliano y ustedes actúan como un grupo parlamentario que quieren transformar, una vez más, un Pleno de la corporación en sustituir, pues, sus lícitas expectativas de estar en otro ámbito, en las Cámaras Legislativas, imagino.

Yo creo que esta moción simplifica perfectamente el interés que tiene el Partido Popular por los problemas de la ciudad de A Coruña. Entre la estabulación y el pastoreo yo creo que se ve con claridad que en el plano político el PP apuesta por la estabulación intelectual que desde la corte de Génova,



cohorte. Non sei se captan a diferenza, pero reparte o mesmo pienso por todo o país e ademais o fan, en fin, introducindo na cidade da Coruña un elemento de debate que eu creo que é do máis relevante para esta cidade. En calquera caso, no seu caso a estabulación non é integral, porque polo menos a lingua si que a sacan a pacer.

Ás catorce horas e doce minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.

A magnitude do asunto que vostedes presentan no Pleno da Coruña é, bueno, significativa. Pensar en que afecta todo isto do que falan nun concello no que están censadas un total de 16 vacas, por exemplo. Repito, 16 vacas. Como as prefieren vostedes?, xuntas ou separadas?, gandaría extensiva ou gandaría intensiva? Saben cal é o peso que ten o PIB do sector da gandaría na Coruña? Difícil. Seguindo co símil vacún, desde logo non vamos entrar ao trapo.

O Goberno de España ten un compromiso de apoiar e de impulsar explotacións agrarias cada vez máis sostibles e rendibles, explotacións profesionalizadas e tamén explotacións de carácter familiar que contribúan a fixar poboación no rural. Pero iso resólvese no ámbito lexislativo, no ámbito das asembleas lexislativas. Eu poderíalles contar aquí moitas das cousas que vai facer o Goberno de España, pero se queren, o que lles propoño é que montemos un club de debate entre os membros da corporación para comentar, como tertulianos, os asuntos de actualidade. E a min non me parece mal, a min gústame escoitar falar e debater e aprendo moito e podemos facelo, señor Rodríguez. Eu entendo que lle tocou este papel e cástame bastante tomar en serio

corte que no cohorte. No sé si captan la diferencia, pero reparte el mismo pienso por todo el país y además lo hacen, en fin, introduciendo en la ciudad de A Coruña un elemento de debate que yo creo que es de lo más relevante para esta ciudad. En cualquier caso, en su caso la estabulación no es integral, porque por lo menos la lengua sí que la sacan a pacer.

A las catorce horas y doce minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.

La magnitud del asunto que ustedes presentan en el Pleno de A Coruña es, bueno, significativa. Pensar en qué afecta todo esto de lo que hablan en un ayuntamiento en el que están censadas un total de 16 vacas, por ejemplo. Repito, 16 vacas. ¿Cómo las prefieren ustedes?, ¿juntas o separadas?, ¿ganadería extensiva o ganadería intensiva? ¿Saben cuál es el peso que tiene el PIB del sector de la ganadería en A Coruña? Difícil. Siguiendo con el símil vacuno, desde luego no vamos a entrar al trapo.

El Gobierno de España tiene un compromiso de apoyar y de impulsar explotaciones agrarias cada vez más sostenibles y rentables, explotaciones profesionalizadas y también explotaciones de carácter familiar que contribuyan a fijar población en el rural. Pero eso se resuelve en el ámbito legislativo, en el ámbito de las asambleas legislativas. Yo les podría contar aquí muchas de las cosas que va a hacer el Gobierno de España, pero si quieren, lo que les propongo es que montemos un club de debate entre los miembros de la corporación para comentar, como tertulianos, los asuntos de actualidad. Y a mí no me parece mal, a mí me gusta escuchar hablar y debatir y aprendo mucho y podemos hacerlo, señor Rodríguez. Yo entiendo que le tocó este



que aqueles que se din alternativos, alternativos non sei moi ben a que.

Mire, no ano 2011 cando vostedes gobernaban, señora Gallego, entraron a formar parte do Concello, había na Coruña 6 explotacións agrarias, cun total de 14 vacas. Catro anos despois, no ano 2015, tamén segundo o mesmo censo do Instituto Galego de Estatística, quedaban na Coruña 4 explotacións de gando bovino, cun total de 11 vacas. Eu podía vir aquí e acusala a vostede nun exercicio semellante ao que están vostedes a facer, de ser a responsable da desaparición do 33 % das explotacións gandeiras desta cidade. Incluso de ser a responsable da desaparición do 21 % da cabana bovina da Coruña. Pero compartirá comigo en que sería un sen sentido, igual que é un disparate o que vostedes traen hoxe aquí en forma de moción. Porque se unha das tres preocupacións que ten o Partido Popular da Coruña son as 16 vacas que hai censadas, bueno, pois, a verdade, como curiosidade só para rematar, voulle relatar o último censo de animais de granxa que hai nesta cidade, xa que vexo que agora se interesan polo rural. Na miña vida pensei que íbamos a debater aquí sobre Mazaricos e sobre as explotacións agrogandeiras. A verdade é que un sempre ten que sorprenderse e hoxe, unha vez máis; ovellas, hai catro censadas; porcos, tamén denominados noutras zonas de Galicia rancho ou cochino, non sei, digo por si... vin que algúns preguntaban o que eran os pitos... que xa lle aclaro que os pitos son os que viñen das galiñas, despois acaban sendo galos, bueno, se hai que explicalo non pasa nada; caballos, hai 3 censados; galiñas, dúas. Destaco o feito de que no ano de elaboración do censo, o último, fora no 2009, non había ningunha cabra censada nesta cidade. En calquera caso non sei se coas políticas agrarias que foi

papel y me cuesta bastante tomar en serio que aquellos que se dicen alternativos, alternativos no sé muy bien a qué.

Mire, en el año 2011 cuando ustedes gobernaban, señora Gallego, entraron a formar parte del Ayuntamiento, había en A Coruña 6 explotaciones agrarias, con un total de 14 vacas. Cuatro años después, en el año 2015, también según el mismo censo del Instituto Galego de Estatística, quedaban en A Coruña 4 explotaciones de ganado bovino, con un total de 11 vacas. Yo podía venir aquí y acusarla a usted en un ejercicio semejante a lo que están ustedes haciendo, de ser la responsable de la desaparición del 33 % de las explotaciones ganaderas de esta ciudad. Incluso de ser la responsable de la desaparición del 21 % de la cabaña bovina de A Coruña. Pero compartirá conmigo en que sería un sinsentido, igual que es un disparate lo que ustedes traen hoy aquí en forma de moción. Porque si una de las tres preocupaciones que tiene el Partido Popular de A Coruña son las 16 vacas que hay censadas, bueno, pues, la verdad, como curiosidad solo para finalizar, le voy a relatar el último censo de animales de granja que hay en esta ciudad, ya que veo que ahora se interesan por el rural. En mi vida pensé que íbamos a debatir aquí sobre Mazaricos y sobre las explotaciones agroganaderas. La verdad es que uno siempre tiene que sorprenderse y hoy, una vez más; ovejas, hay cuatro censadas; cerdos, también denominados en otras zonas de Galicia rancho o cochino, no sé, digo por si... he visto que algunos preguntaban lo que eran los pitos... que ya le aclaro que los pitos son los que vienen de las gallinas, despois acaban siendo galos, bueno, si hay que explicarlo no pasa nada; caballos, hay 3 censados; gallinas, dos. Destaco el hecho de que en el año de elaboración del censo, el último, fue en el



implantando o Partido Popular na Xunta de Galicia e tamén vostedes, supono, dende o ano 2011, ao mellor a cifra subiu (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) nese censo non aparece ningunha. En calquera caso espero que se tomen un pouco máis en serio o Pleno da corporación e se queren montamos un club de debate e falamos dos asuntos da política e dos chascarrillos, pero me parece que é tomarse moi pouco en serio e demostra, seguramente, que tampouco o Goberno debe de estar facéndoo nada mal cando unha das tres mociones que poden presentar é para vir falar aquí dos chascarrillos en torno a un ministro que seguramente está desafortunado e se comporta como un tertuliano en vez de tomar as decisiones que teña que tomar. Pero iso, desde logo, non é a preocupación da cidade da Coruña (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) por agora, —remato, señora alcaldesa— que como vostedes ven, ten censados, exactamente, 9 porcos, 9 cochos, ou sexa, que nada más, moitas grazas.

2009, no había ninguna cabra censada en esta ciudad. En cualquier caso no sé si con las políticas agrarias que fue implantando el Partido Popular en la Xunta de Galicia y también ustedes, supongo, desde el año 2011, a lo mejor la cifra subió (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) en ese censo no aparece ninguna. En cualquier caso espero que se tomen un poco más en serio el Pleno de la corporación y si quieren montamos un club de debate y hablamos de los asuntos de la política y de los chascarrillos, pero me parece que es tomarse muy poco en serio y demuestra, seguramente, que tampoco el Goberno debe de estar haciéndolo nada mal cuando una de las tres mociones que pueden presentar es para venir a hablar aquí de los chascarrillos en torno a un ministro que seguramente está desafortunado y se comporta como un tertuliano en vez de tomar las decisiones que tenga que tomar. Pero eso, desde luego, no es la preocupación de la ciudad de A Coruña (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) por ahora —finalizo, señora alcaldesa— que como ustedes ven, tiene censados, exactamente, 9 cerdos, 9 cochinos, o sea, que nada más, muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Procedemos á votación desta moción á que non constan emendas.

Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, para esixir o presidente do

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Procedemos a la votación de esta moción a la que no constan enmiendas.

Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, para exigir al



Goberno de España o cese inmediato do ministro de Consumo polos seus ataques á gandería e ó sector cárnico español, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (1 voto).

Vota en contra a concelleira non adscrita D.^a Mónica Martínez Lema (1 voto).

Contabilízase, así mesmo, a abstención da concelleira non adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

Presidencia

Queda rexeitada.

Non sei se o debate cárnico lles abriu o apetito pero imos fazer unha segunda moción antes da pausa. Si?

Señora Gallego Neira

Gustaría hacer las tres para no dejar sólo una del Partido Popular, que sería la única que quedaría.

Presidencia

Grazas, señora Gallego.

presidente del Gobierno de España el cese inmediato del ministro de Consumo por sus ataques a la ganadería y al sector cárnico español, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (1 voto).

Vota en contra la concejala no adscrita D.^a Mónica Martínez Lema (1 voto).

Se contabiliza, asimismo, la abstención de la concejala no adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presente en el momento de la votación.

Presidencia

Queda rechazada.

No sé si el debate cárnico les abrió el apetito pero vamos a hacer una segunda moción antes de la pausa. ¿Sí?

Señora Gallego Neira

Me gustaría hacer las tres para no dejar sólo una del Partido Popular, que sería la única que quedaría.

Presidencia

Gracias, señora Gallego.



Señora Gallego Neira

...se podemos terminar as mociones e pola tarde as orais.

Presidencia

Ben, eu calculei os tempos e decidín facer unha segunda moción agora. Claro! Ou se fan dous e unha ou se fai unha e dúas, entón, facemos dúas e unha, canto máis rápido, mellor.

Segunda. Moción sobre o barrio do Castrillón

Presidencia

Ten a palabra o señor Coira.

Pode pasar.

Ás catorce horas e dezaoito minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo e sae a señora Martínez Lema.

Hai unha emenda de substitución dos Grupos Municipais Socialista, Marea Atlántica, BNG e a concelleira non adscrita.

Señor Coira Andrade

Moitas grazas.

Aquí xa non vivimos tranquilos, desde hai dous anos o trapicheo e as pelexas foron a máis, xiringas tiradas, casas ruinosas que están okupadas. Eu non baixo só á rúa a partir das 9 da noite. É liortas e escándalos case a diario.

O presidente da asociación de vecinos do Castrillón, Ramiro Otero, está canso de denunciar esta situación. Trasladouna reiteradamente o Goberno local, tanto ao

Señora Gallego Neira

...si podemos terminar las mociones y por la tarde las orales.

Presidencia

Bien, yo calculé los tiempos y decidí hacer una segunda moción ahora. ¡Claro! O se hacen dos y una o se hace una y dos, entonces, hacemos dos y una, cuanto más rápido, mejor.

Segunda. Moción sobre el barrio de O Castrillón

Presidencia

Tiene la palabra el señor Coira.

Puede pasar.

A las catorce horas y dieciocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo y sale la señora Martínez Lema.

Hay una enmienda de sustitución de los Grupos Municipales Socialista, Marea Atlántica, BNG y la concejala no adscrita.

Señor Coira Andrade

Muchas gracias.

Aquí ya no vivimos tranquilos, desde hace dos años el trapicheo y las peleas han ido a más, jeringuillas tiradas, casas ruinosas que están okupadas. Yo no bajo solo a la calle a partir de las 9 de la noche. Es reyertas y escándalos casi a diario.

El presidente de la asociación de vecinos del Castrillón, Ramiro Otero, está cansado de denunciar esta situación. La ha trasladado reiteradamente al Gobierno



anterior equipo da Marea como ao actual liderado por Inés Rey. A sensación de inseguridade foi a máis, non só polo trapicheo de drogas senón por toda clase de pelexas e disturbios, roubos e furtos. As casas ruinosas: cansámonos de repetir o Concello que hai que falar coa Xunta de Compensación para dar carpetazo a este asunto. Só hai dúas solucións, ou tapian estas casas ou proceden á súa derriba.

Todo isto é o que dicían os veciños o 28 de setembro de 2020 sobre a situación no barrio do Castrillón.

No mes de novembro do ano 21, ou sexa, hai escasamente mes e medio, os veciños dicían isto da situación na que se atopa o seu barrio: isto é un escándalo, vemos xiringas no chan todos os días. Ás 8 da mañá empeza todo e é seguido, continuo. As persoas xa non saen a partir das 7 da tarde por temor. Isto empezou hai 5 anos. Desde setembro descontrolouse. Xa lle esixiron diñeiro de forma violenta a varios nenos. A miña filla vén con medo do colexi. Pedimos que nos axuden a que isto se solucione, por favor. Acaben coa maleza que rodea as chabolas. Eu saio a traballar ás cinco e media da mañá todos os días. Cada día teño máis medo cando saio a traballar.

Isto é o que dicían os veciños hai un mes e medio. Os veciños do Castrillón que se manifestaban case nos mesmos termos en setembro do ano 20. Esta é a situación que hai hoxe no barrio do Castrillón. Nós, que visitamos con frecuencia o barrio do Castrillón, eu encárgome de visitar con frecuencia e de falar cos veciños e coas asociacións dese barrio, reitérannos os veciños esta situación e nós preparamos unha moción centrada nestes asuntos. O Partido Popular trouxo

local, tanto al anterior equipo de la Marea como al actual liderado por Inés Rey. La sensación de inseguridad ha ido a más, no solo por el trapicheo de drogas sino por toda clase de peleas y disturbios, robos y hurtos. Las casas ruinosas: nos hemos cansado de repetir al Ayuntamiento que hay que hablar con la Junta de Compensación para dar carpetazo a este asunto. Solo hay dos soluciones, o tapian estas casas o proceden a su derribo.

Todo esto es lo que decían los vecinos el 28 de septiembre de 2020 sobre la situación en el barrio del Castrillón.

En el mes de noviembre del año 21, o sea, hace escasamente mes y medio, los vecinos decían esto de la situación en la que se encuentra su barrio: esto es un escándalo, vemos jeringuillas en el suelo todos los días. A las 8 de la mañana empieza todo y es seguido, continuo. Las personas ya no salen a partir de las 7 de la tarde por temor. Esto empezó hace 5 años. Desde septiembre se ha descontrolado. Ya le han exigido dinero de forma violenta a varios niños. Mi hija viene con miedo del colegio. Pedimos que nos ayuden a que esto se solucione, por favor. Acaben con la maleza que rodea las chabolas. Yo salgo a trabajar a las cinco y media de la mañana todos los días. Cada día tengo más miedo cuando salgo a trabajar.

Esto es lo que decían los vecinos hace un mes y medio. Los vecinos del Castrillón que se manifestaban casi en los mismos términos en septiembre del año 20. Esta es la situación que hay hoy en el barrio del Castrillón. Nosotros, que visitamos con frecuencia el barrio del Castrillón, yo me encargo de visitar con frecuencia y de hablar con los vecinos y con las asociaciones de ese barrio, nos reiteran los vecinos esta situación y nosotros preparamos una moción centrada en estos



o mes de maio do ano pasado unha moción na que se aprobou por unanimidade, exceptuando a Marea, que votou en contra, unha cantidade de medidas relacionadas non só coa seguridade senón con toda a problemática que ten o barrio do Castrillón. Co cal, aquí nós o que identificamos e o que pretendemos é, sobre todo, sobre estas cuestiós relacionadas coa seguridad, instar á alcaldesa e o delegado do Goberno de forma concreta, sobre os temas de policía de barrio, buscar seguridad para os veciños, mellorar a iluminación, solucionar os problemas coas casas abandonadas e cos soares abandonados e cos edificios ruinosos.

Ás catorce horas e vinte e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Martínez Lema.

Nesta moción tamén instabamos o delegado do Goberno a que incrementase a presenza da Policía nacional e que empezase, iniciase, unha cruzada para eliminar os focos de venda de droga no barrio. Todo isto presentámolo coa intención, insisto, de mellorar a seguridad e a calidad de vida dos veciños do barrio.

O pasado martes, nun programa dun medio de comunicación de radio, pois, volvía incidir sobre a problemática da venda e o trapicheo con drogas no barrio do Castrillón. Eu non sei que pasa, se é que molesta a alguén que o Partido Popular visite os veciños e fale cos veciños do barrio do Castrillón, detecte os seus problemas e os traia a este Pleno. Pois ben, eu creo que é a nosa obriga facelo, que é unha forma de fazer oposición e de tentar mellorar a calidad dos veciños, neste caso, do barrio do Castrillón, ou sexa o barrio que sexa, e é

asuntos. El Partido Popular trajo el mes de mayo del año pasado una moción en la que se aprobó por unanimidad, exceptuando la Marea, que votó en contra, una cantidad de medidas relacionadas no solo con la seguridad sino con toda la problemática que tiene el barrio del Castrillón. Con lo cual, aquí nosotros lo que identificamos y lo que pretendemos es, sobre todo, sobre estas cuestiones relacionadas con la seguridad, instar a la alcaldesa y al delegado del Gobierno de forma concreta, sobre los temas de policía de barrio, buscar seguridad para los vecinos, mejorar la iluminación, solucionar los problemas con las casas abandonadas y con los solares abandonados y con los edificios ruinosos.

A las catorce horas y veintiún minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Martínez Lema.

En esta moción también instábamos al delegado del Gobierno a que incrementara la presencia de la Policía nacional y que empezara, iniciara, una cruzada para eliminar los focos de venta de droga en el barrio. Todo esto lo presentamos con la intención, insisto, de mejorar la seguridad y la calidad de vida de los vecinos del barrio.

El pasado martes, en un programa de un medio de comunicación de radio, pues, se volvía a incidir sobre la problemática de la venta y el trapicheo con drogas en el barrio del Castrillón. Yo no sé qué pasa, si es que molesta a alguien que el Partido Popular visite a los vecinos y hable con los vecinos del barrio del Castrillón, detecte sus problemas y los traiga a este Pleno. Pues bueno, yo creo que es nuestra obligación hacerlo, que es una forma de hacer oposición y de intentar mejorar la calidad de los vecinos, en este caso, del barrio del Castrillón, o sea el barrio que



a nosa obriga e así o facemos.

Os grupos do Partido Socialista, Marea, BNG e a concelleira non adscrita, señora Faraldo, presentan unha moción de substitución na que dunha forma moi xenérica relatan unha chea de problemas e de situacóns relacionadas coa seguridade, coa limpeza, cos soares baleiros, co pavimento, coas zonas de xogo, co mobiliario, coas zonas verdes...con todo, vamos, con todos os problemas que pode ter case calquera barrio. Na medida que nós para o único que estamos é para mellorar e solucionar os problemas dos veciños do Castrillón, pois, evidentemente, porque non imos deixar de facelo porque vostedes presenten unha moción distinta e non lles valla a que presenta o Partido Popular aínda que estea, insisto, nos mesmos termos, dunha forma máis concreta pero si nos mesmos termos. Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Coira.

Señora Faraldo, o seu turno.

Señora Faraldo Calvo

Moitas grazas, alcaldesa.

Ás catorce horas e vinte e tres minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Cando comecei a ler a moción pensei que se trataba dun reporte dun programa de Susanna Griso ou de Ana Rosa Quintana. Pero non, era unha moción do PP, que persiste e insiste en debuxar os barrios coruñeses coma un remake do Bronx: pelexas, incendios, drogadictos tomando as calles... E claro! Os demais, se

sea, y es nuestra obligación y así lo hacemos.

Los grupos del Partido Socialista, Marea, BNG y la concejala no adscrita, señora Faraldo, presentan una moción de sustitución en la que de una forma muy genérica relatan un montón de problemas y de situaciones relacionadas con la seguridad, con la limpieza, con los solares vacíos, con el pavimento, con las zonas de juego, con el mobiliario, con las zonas verdes...con todo, vamos, con todos los problemas que puede tener casi cualquier barrio. En la medida que nosotros para lo único que estamos es para mejorar y solucionar los problemas de los vecinos del Castrillón, pues, evidentemente, porque no vamos a dejar de hacerlo porque ustedes presenten una moción distinta y no les valga la que presenta el Partido Popular aunque esté, insisto, en los mismos términos, de una forma más concreta pero sí en los mismos términos. Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Coira.

Señora Faraldo, su turno.

Señora Faraldo Calvo

Muchas gracias, alcaldesa.

Á las catorce horas y veintitrés minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Cuando comencé a leer la moción pensé que se trataba de un reporte de un programa de Susanna Griso o de Ana Rosa Quintana. Pero no, era una moción del PP, que persiste e insiste en dibujar los barrios coruñeses como un remake del Bronx: peleas, incendios, drogadictos tomando las calles... ¡Y claro! Los demás,



rexitamos ese escenario porque non concordamos en absoluto con esa cidade que ve o PP, quedamos como se o asunto non fora con nós, como se non nos importara a seguridade da cidadanía, e con ela, a nosa propia. Pero é que o PP aliméntase do medo dos demais, da confrontación, e non nos vai atopar nese terreo. Nese totum revolutum aparece sempre a eterna solución do PP, a policía de barrio. E claro que son parte da solución. Pero tras aplicar debidamente, previamente, medidas de prevención.

Ás catorce horas e vinte e cinco minutos saen do Salón de Sesións a señora Gutiérrez Roselló e o señor Lage Tuñas.

No que respecta a este último punto, as medias de prevención, preguntada a Asociación de Veciños do Castrillón, antes de tomar eu posicionamiento con respecto á moción por esta situación e por como vían a moción do PP, asombráronse de que ninguén falase con eles á hora de plantear medidas que lles afectan directamente e baseadas, ademais, en casos moi concretos. Non vou dicir esporádicos nin puntuais, pero tampouco se pode dicir habituais. Por iso alegrámonos do comunicado que emitiu a propia asociación de veciños rexeitando esa visión catastrofista e que deu pé a unha emenda de substitución por parte do resto dos grupos e desta concelleira non adscrita.

O comunicado, que vou ler coa autorización da asociación, se resume nos seguintes puntos; a Xunta Directiva do Castrillón ten coñecemento, e non a través do PP, da moción que dito grupo presentará no próximo Pleno e quiere manifestar o seguinte; *amosar o noso más absoluto rexeitamento ante o que cualificamos un libelo presentado como*

si rechazamos ese escenario porque no concordamos en absoluto con esa ciudad que ve el PP, quedamos como si el asunto no fuese con nosotros, como si no nos importase la seguridad de la ciudadanía, y con ella, la nuestra propia. Pero es que el PP se alimenta del miedo de los demás, de la confrontación, y no nos va a encontrar en ese terreno. En ese totum revolutum aparece siempre la eterna solución del PP, la policía de barrio. Y claro que son parte de la solución. Pero tras aplicar debidamente, previamente, medidas de prevención.

A las catorce horas y veinticinco minutos salen del Salón de Sesiones la señora Gutiérrez Roselló y el señor Lage Tuñas.

Por lo que respecta a este último punto, las medias de prevención, preguntada la Asociación de Vecinos del Castrillón, antes de tomar yo posicionamiento con respecto a la moción por esta situación y por cómo veían la moción del PP, se asombraron de que nadie hablara con ellos a la hora de plantear medidas que les afectan directamente y basadas, ademáis, en casos muy concretos. No voy a decir esporádicos ni puntuales, pero tampoco se puede decir habituales. Por eso nos alegramos del comunicado que emitió la propia asociación de vecinos rechazando esa visión catastrofista y que dio pie a una enmienda de sustitución por parte del resto de los grupos y de esta concejala no adscrita.

El comunicado, que voy a leer con la autorización de la asociación, se resume en los siguientes puntos; la Junta Directiva del Castrillón tiene conocimiento, y no a través del PP, de la moción que dicho grupo presentará en el próximo Pleno y quiere manifestar lo siguiente; mostrar nuestro más absoluto rechazo ante lo que calificamos un libelo



moción, polo que significa de estigmatizar o noso barrio como un barrio inseguro, invadido de traficantes e delincuentes, o que non se corresponde coa realidad. O Castrillón Urbanización Soto foi sempre un dos barrios da cidade con maiores índices de seguridade. Durante unhas semanas, é certo, tivemos problemas de seguridade como consecuencia da chegada ao barrio de traficantes e consumidores vidos dalgún outro barrio da cidade, posiblemente como consecuencia das mobilizacións apoiadas alí polo Partido Popular. Eses problemas tratámoslos coa necesaria discreción coas autoridades policiais, locais e nacionais, e coas institucións responsables, sempre acompañados coa asociación de comerciantes e coa colaboración imprescindible das forzas policiais. A moción do Grupo Municipal do PP non se corresponde coa realidad do noso barrio e más ben parece un curta e pega de situacións doutros barrios da cidade. O texto do PP pon de manifesto un absoluto desconecemento da realidad urbanística do noso barrio. Discrepamos totalmente da proposta da policía de barrio e finalmente, desexamos manifestar o noso descontento pola falta de diálogo e respecto institucional coa nosa entidade por parte do Grupo Municipal Popular, tratando de utilizar ao barrio para as súas campañas.

Ningún punto más, apoyo este comunicado.

Grazas, señora alcadesa.

Presidencia

Grazas, señora Faraldo.

presentado como moción, por lo que significa de estigmatizar a nuestro barrio como un barrio inseguro, invadido de traficantes y delincuentes, lo que no se corresponde con la realidad. O Castrillón Urbanización Soto ha sido siempre uno de los barrios de la ciudad con mayores índices de seguridad. Durante unas semanas, es cierto, hemos tenido problemas de seguridad como consecuencia de la llegada al barrio de traficantes y consumidores venidos de algún otro barrio de la ciudad, posiblemente como consecuencia de las movilizaciones apoyadas allí por el Partido Popular. Eos problemas los hemos tratado con la necesaria discreción con las autoridades policiales, locales y nacionales, y con las instituciones responsables, siempre acompañados con la asociación de comerciantes y con la colaboración imprescindible de las fuerzas policiales. La moción del Grupo Municipal del PP no se corresponde con la realidad de nuestro barrio y más bien parece un corta y pega de situaciones de otros barrios de la ciudad. El texto del PP pone de manifiesto un absoluto desconocimiento de la realidad urbanística de nuestro barrio. Discrepamos totalmente de la propuesta de la policía de barrio y finalmente, deseamos manifestar nuestro descontento por la falta de diálogo y respeto institucional con nuestra entidad por parte del Grupo Municipal Popular, tratando de utilizar al barrio para sus campañas.

Ningún punto más, apoyo este comunicado.

Gracias, señora alcadesa.

Presidencia

Gracias, señora Faraldo.



Turno do BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas.

Efectivamente, señor Coira, no Pleno ordinario de maio do ano pasado vostedes presentaron unha moción para mellorar o barrio do Castrillón que saíu aprobada co voto favorábel de todos os grupos agás Marea Atlántica.

**Ás catorce horas e vinte e oito minutos
sae do Salón de Sesións a señora
Martínez Acón.**

Na exposición de motivos daquela moción informaban dunha reunión que mantiveran coa Asociación de Veciños Castrillón-Urbanización Soto IAR, e de feito, na parte resolutiva, instaban o Goberno municipal a atender ás peticionés da asociación de veciños. Pois iso mesmo é agora o que lle pedimos a vostedes. Que atendan á petición da asociación de veciños. Unha asociación de veciños que considera que con esta moción están estigmatizando o barrio, como un barrio invadido por traficantes de drogas e delincuentes, que non se corresponde coa realidad, e ademais transmite unha imaxe que supón un claro prexuízo para os comerciantes da zona.

Mire, son veciño do Castrillón. Falo cos veciños, teño interlocución coa asociación de veciños, tamén con Acocem, Asociación de Comerciantes do Castrillón, Eirís e Monelos. Non nego que existan problemas, como os que vostedes mencionan na moción, é constatábel o incremento do trapicheo de drogas no barrio e unha maior presenza de yonquis, se se me permite o coloquialismo, e un incremento, tamén,

Turno del BNG, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias.

Efectivamente, señor Coira, en el Pleno ordinario de mayo del año pasado ustedes presentaron una moción para mejorar el barrio del Castrillón que salió aprobada con el voto favorable de todos los grupos excepto Marea Atlántica.

***A las catorce horas y veintiocho minutos
sale del Salón de Sesiones la señora
Martínez Acón.***

En la exposición de motivos de aquella moción informaban de una reunión que habían mantenido con la Asociación de Vecinos Castrillón-Urbanización Soto IAR, y de hecho, en la parte resolutiva, instaban al Gobierno municipal a atender a las peticiones de la asociación de vecinos. Pues eso mismo es ahora lo que le pedimos a ustedes. Que atiendan a la petición de la asociación de vecinos. Una asociación de vecinos que considera que con esta moción están estigmatizando el barrio, como un barrio invadido por traficantes de drogas y delincuentes, que no se corresponde con la realidad, y ademáis transmite una imagen que supone un claro perjuicio para los comerciantes de la zona.

Mire, soy vecino del Castrillón. Hablo con los vecinos, tengo interlocución con la asociación de vecinos, también con Acocem, Asociación de Comerciantes del Castrillón, Eirís y Monelos. No niego que existan problemas, como los que ustedes mencionan en la moción, es constataable el incremento del trapicheo de drogas en el barrio y una mayor presencia de yonquis, si se me permite el coloquialismo, y un incremento, también,



dos delitos menores asociados ao tráfico e ao consumo de certas drogas. É algo que tamén sabe a asociación de veciños. Cito textualmente un entresacado do seu comunicado: tivemos problemas de seguridade como consecuencia da chegada ao barrio de traficantes e consumidores vidos doutros barrios da cidade. Estes problemas témolos tratado coa necesaria discreción coas autoridades policiais, locais e nacionais e coas institucións responsábeis. Entendemos que é así como se resolven este tipo de problemas e non xerando alarma social. Iso é o que di a asociación de veciños e teño que decir que eu mesmo teño procedido así. Por exemplo, falei coa alcaldesa desta situación. Un dos problemas está localizado nunha casa en ruínas situada nun soar en estado de abandono. Este soar, á parte de ser un foco de inmundicia, é utilizado para o trapicheo con drogas e para pincharse.

Ás catorce horas e vinte e nove minutos entran no Salón de Sesións o señor Martínez Durán e a señora Gutiérrez Roselló.

Pedinlle á alcaldesa que o Concello esixise os seus propietarios que cumprisen coas súas obrigas e se non que o Concello actuase de oficio. Pero o que non fixe foi intentar sacar rédito político, contribuíndo a crear alarma social. Fixen esta xestión de maneira total e absolutamente discreta.

Por esa razón o BNG non pode votar a moción que vostedes presentan nos termos nos que está formulada e votaremos a favor da emenda que subscrimos co Grupo Socialista, o Grupo da Marea Atlántica e a concelleira non adscrita, a señora Isabel Faraldo. Moitas grazas.

de los delitos menores asociados al tráfico y al consumo de ciertas drogas. Es algo que también sabe la asociación de vecinos. Cito textualmente un entresacado de su comunicado: tuvimos problemas de seguridad a consecuencia de la llegada al barrio de traficantes y consumidores venidos de otros barrios de la ciudad. Estos problemas los hemos tratado con la necesaria discreción con las autoridades policiales, locales y nacionales y con las instituciones responsables. Entendemos que es así cómo se resuelven este tipo de problemas y no generando alarma social. Eso es lo que dice la asociación de vecinos y tengo que decir que yo mismo he procedido así. Por ejemplo, hablé con la alcaldesa de esta situación. Uno de los problemas está localizado en una casa en ruinas ubicada en un solar en estado de abandono. Este solar, aparte de ser un foco de inmundicia, es utilizado para el trapicheo con drogas y para pincharse.

A las catorce horas y veintinueve minutos entran en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán y la señora Gutiérrez Roselló.

Le pedí a la alcaldesa que el Ayuntamiento exigiera a sus propietarios que cumplieran con sus obligaciones y si no que el Ayuntamiento actuara de oficio. Pero lo que no hice fue intentar sacar rédito político, contribuyendo a crear alarma social. Hice esta gestión de manera total y absolutamente discreta.

Por esa razón el BNG no puede votar la moción que ustedes presentan en los términos en los que está formulada y votaremos a favor de la enmienda que subscrimos con el Grupo Socialista, el Grupo de la Marea Atlántica y la concejala no adscrita, la señora Isabel Faraldo. Muchas gracias.



Ás catorce horas e trinta e dous minutos entra no Salón de Sesións a señora Martínez Acón.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno da Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Moitas grazas.

Estamos diante dunha mostra máis do afán por estigmatizar os barrios que ten o Partido Popular, que segue amosando unha tremenda falta de respecto institucional a todas e todos os coruñeses. Deixen de xerar alarma social polo ben da cidade e escoiten á veciñanza. O PP ten a manía de tropezar sempre coa mesma pedra. En maio non falaron cos veciños, pero é que agora tampouco. Os matices que a entidade vecinal plantexaba naquela moción de maio non eran menores, e por respecto ao seu posicionamento, daquela, votamos en contra.

Se a comezos do pasado ano o Partido Popular sinalaba o barrio dos Mallos, no comezo do 2022 o Partido Popular decide sinalar o barrio do Castrillón para xerar unha alarma social absolutamente desmesurada e irresponsable, tal e como sinala, acertadamente, a entidade vecinal nun contundente comunicado publicado o pasado 11 de xaneiro a propósito desta moción e que xa se leu.

Dende a Marea Atlántica levamos tempo denunciando a situación de abandono que padecen os barrios da Coruña, nun momento no que a crise e a pandemia agravaron os problemas de precariedade

A las catorce horas y treinta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Martínez Acón.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno de la Marea Atlántica, señora Delso.

Señora Delso Carreira

Muchas gracias.

Estamos ante una muestra más del afán por estigmatizar a los barrios que tiene el Partido Popular, que sigue mostrando una tremenda falta de respeto institucional a todas y todos los coruñeses. Dejen de generar alarma social por el bien de la ciudad y escuchen a la vecindad. El PP tiene la manía de tropezar siempre con la misma piedra. En mayo no hablaron con los vecinos, pero es que ahora tampoco. Los matices que la entidad vecinal planteaba en aquella moción de mayo no eran menores, y por respeto a su posicionamiento, entonces, votamos en contra.

Si a comienzos del pasado año el Partido Popular señalaba al barrio de Os Mallos, a comienzos del 2022 el Partido Popular decide señalar al barrio de O Castrillón para generar una alarma social absolutamente desmesurada e irresponsable, tal y como señala, acertadamente, la entidad vecinal en un contundente comunicado publicado el pasado 11 de enero a propósito de esta moción y que ya se leyó.

Desde la Marea Atlántica llevamos tiempo denunciando la situación de abandono que padecen los barrios de A Coruña, en un momento en el que la crisis y la pandemia agravaron los



e de desigualdade.

Dende a Marea Atlántica cremos que é importante cambiar a perspectiva segregadora e excluyente por unha visión ampla e integradora que atenda e coide dos barrios e da súa xente dende unha visión global, unha visión intrínsecamente vinculada ao dereito á cidade, tal e como xa expuxemos na moción que presentamos o pasado mes de setembro. Frente a campañas interesadas e mediáticas, case diarias, que tratan de poñer o foco sobre segregación social, desigualdade, falando de fenómenos como a ocupación ilegal de vivendas, os datos oficiais do TSX son claros e contundentes. Os xulgados galegos rexistraron nos últimos trimestres e no último trimestre do ano, de novo, soamente 22 demandas de ocupación de vivendas en propiedade de persoas físicas, entidades sen ánimo de lucro e organismos públicos posuidores de vivenda social. Isto significa un 18,5 respecto ao 2020 e un 35 % menos que no ano previo á pandemia. Nese senso e con estes datos Galicia é a cuarta comunidade na que menos verbais posesorios por ocupación ilegal de vivenda se presentaron en todo o Estado. Aqueles que xamais defenderon os barrios buscan, unha vez máis, sacar proveito político, acentuando a discriminación de colectivos sen abordar un problema complexo, o problema da desigualdade e o problema do cada vez máis difícil acceso á vivenda, a suba de prezos e alquileres e do drama social de non ter dereito real a unha vivenda digna. Cómpre lembrar que A Coruña foi a capital do Estado onde máis medrou o prezo taxado da vivenda libre no último ano e por iso, o paso dado recentemente neste concello, co acordo entre o Partido Socialista no Goberno e a Marea Atlántica, para que o dereito á vivenda

problemas de precariedad y de desigualdad.

Desde la Marea Atlántica creemos que es importante cambiar la perspectiva segregadora y excluyente por una visión amplia e integradora que atienda y cuide de los barrios y de su gente desde una visión global, una visión intrínsecamente vinculada al derecho a la ciudad, tal y como ya expusimos en la moción que presentamos el pasado mes de septiembre. Frente a campañas interesadas y mediáticas, casi diarias, que tratan de poner el foco sobre segregación social, desigualdad, hablando de fenómenos como la ocupación ilegal de viviendas, los datos oficiales del TSJ son claros y contundentes. Los juzgados gallegos registraron en los últimos trimestres y en el último trimestre del año, de nuevo, solamente 22 demandas de ocupación de viviendas en propiedad de personas físicas, entidades sin ánimo de lucro y organismos públicos poseedores de vivienda social. Esto significa un 18,5 respecto al 2020 y un 35 % menos que en el año previo a la pandemia. En ese sentido y con estos datos Galicia es la cuarta comunidad en la que menos verbales posesorios por ocupación ilegal de vivienda se presentaron en todo el Estado. Aquelllos que jamás defendieron los barrios buscan, una vez más, sacar provecho político, acentuando la discriminación de colectivos sin abordar un problema complejo, el problema de la desigualdad y el problema del cada vez más difícil acceso a la vivienda, la subida de precios y alquileres y del drama social de no tener derecho real a una vivienda digna. Hace falta recordar que A Coruña fue la capital del Estado donde más creció el precio tasado de la vivienda libre en el último año y por eso, el paso dado recientemente en este ayuntamiento, con el acuerdo entre el Partido Socialista



sexu unha das prioridades na elaboración dos orzamentos do Concello da Coruña para este ano, vai, dende o noso punto de vista, na dirección correcta. Nese acordo estaba incluída, por certo, a necesaria ampliación do capital de EMVSA, que acumula un retraso de máis dun ano e que é fundamental para desbloquear a apertura do centro deportivo do Castrillón, un equipamento, por certo, imprescindible para o barrio e cuxa demora na apertura é unha das verdadeiras preocupacións no barrio.

en el Gobierno y la Marea Atlántica, para que el derecho a la vivienda sea una de las prioridades en la elaboración de los presupuestos del Ayuntamiento de A Coruña para este año, va, desde nuestro punto de vista, en la dirección correcta. En ese acuerdo estaba incluida, por cierto, la necesaria ampliación del capital de EMVSA, que acumula un retraso de más de un año y que es fundamental para desbloquear la apertura del centro deportivo del Castrillón, un equipamiento, por cierto, imprescindible para el barrio y cuya demora en la apertura es una de las verdaderas preocupaciones en el barrio.

Dende a Marea Atlántica cremos que a óptima dotación de equipamentos nos barrios, xunto coa mellora ambiental do espazo público, ademais do acceso á vivenda e o impulso das políticas sociais e comunitarias son un componente básico para a cohesión social nos barrios. Nesa liña, tamén dende a Marea Atlántica, vimos de presentar alegacións ao Documento Ambiental do Proxecto de Urbanización Fariña Ferreño, pois entendemos que nun barrio de alta densidade como é o caso do Castrillón, deberíanse deixar de lado a teima doutros tempos, de saturar os poucos espazos libres que quedan no barrio e na cidade, pois a súa construcción responde a previsións erradas de crecemento de poboación ás que se cingue o PXOM de 2013 pero que nunca se chegaron a cumplir.

Desde la Marea Atlántica creemos que la óptima dotación de equipamientos en los barrios, junto con la mejora ambiental del espacio público, además del acceso a la vivienda y el impulso de las políticas sociales y comunitarias son un componente básico para la cohesión social en los barrios. En esa línea, también desde la Marea Atlántica, acabamos de presentar alegaciones al Documento Ambiental del Proyecto de Urbanización Fariña Ferreño, pues entendemos que en un barrio de alta densidad como es el caso del Castrillón, se deberían dejar de lado la manía de otros tiempos, de saturar los pocos espacios libres que quedan en el barrio y en la ciudad, pues su construcción responde a previsiones erradas de crecimiento de población a las que se ciñe el PGOM de 2013 pero que nunca se llegaron a cumplir.

Remato xa insistindo a esta corporación, e particularmente ao Partido Popular, da necesidade de poñer a atención nos barrios, sen distinguir entre centro e periferia, dende un punto de vista integral e deixar de lado, dunha vez por todas, a alarma social e a estigmatización. Máis nada e moitas grazas.

Finalizo ya insistiendo a esta corporación, y particularmente al Partido Popular, de la necesidad de poner la atención en los barrios, sin distinguir entre centro y periferia, desde un punto de vista integral y dejar de lado, de una vez por todas, la alarma social y la estigmatización. Nada más y muchas



gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Turno xa de peche para o Grupo Socialista, señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Grazas, señora alcaldesa.

Bo día, tarde xa, a todas e a todos. Feliz ano neste ano que comeza e que, desde logo, eu ía comenzar, tamén, lendo parte do comunicado da asociación de veciños pero visto o visto, xa un pouco por vergüenza allea, xa non me vou atrever. Señores do Partido Popular, feliz año, porque, desde logo, comienzan o ano maravillosamente ben, xa non me extraña que falen de gandería porque se empezamos a falar de barrios neste momento neses termos e con esta resposta dos propios veciños, é para facerlo mirar.

Empezan o ano como o ano pasado, como estaba comentando agora a compañeira, cambiando o nome dun barrio xerando unha alarma innecesaria, da que eu non quero facer máis leña nin máis sangue, porque desde logo que a min o primeiro que se me pasaría pola cabeza sería retirar a moción e, por supuesto, se non, admitir a emenda, polo menos para salvar os mobles. Porque desde logo o que non se vai negar a ningún grupo deste Pleno como así se están manifestando, é acudir a fórmulas de proxección e de mellora dos barrios, en todos os niveis. Tampouco vou perder o tempo indicando as actuacións que se fixeron, xa non desde novembro, desde antes, en materia de seguridade, coordinación, droga, infraestruturas, limpeza. Non me vou meter a detallar

Presidencia

Muchas grazas, señora Delso.

